



CONVOCATORIA DE CONTRATOS CITIUS DE INICIACIÓN Á INVESTIGACIÓN

O Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías da Información da Universidade de Santiago de Compostela (CITIUS) convoca un mínimo de 4 contratos de iniciación á investigación destinados a investigadores que desexen realizar a súa tese de doutoramento no CiTIUS.

1. OBXECTO

A presente convocatoria de contratos ten por obxectivos incrementar a captación de novos estudantes predoutorais interesados en desenvolver a súa tese doutoral nunha das liñas de investigación do CITIUS, atraer a novos investigadores de alto nivel e incentivar o desenvolvemento de liñas de investigación de alto impacto científico e socioeconómico.

Os contratos pretenden apoiar a estudantes de Máster que desexen iniciar a súa actividade investigadora no CITIUS.

2. CARACTERÍSTICAS

4 contratos vinculados á actividade Ref. 2016-PG014, IP responsable: Paulo Félix Lamas, coas seguintes características:

- Os contratos serán a tempo parcial (26 h/semana) e compatibles con outras actividades.
- A duración dos contratos será de 1 ano dende a data de resolución da convocatoria.
- Os contratos terán unha contía de 1.184,73 euros brutos mensuais.

3. REQUISITOS DOS CANDIDATOS

Académicos:

- Cumprir os seguintes requisitos:
 1. Ter solicitado ou compromiso de solicitar unha axuda predoutoral da Xunta de Galicia co CITIUS.
 2. Ter solicitado a axuda para a Formación de Profesorado Universitario (FPU) co CITIUS.
 3. Grao e Máster ou títulos equivalentes en Enx. Informática, Enx. de Telecomunicacións, Enx. Industrial, Matemáticas ou Física, co data de finalización de estudos posterior ao 1 de xaneiro de 2014.
- Nota media no expediente de estudos de Grao igual ou superior a 8.
- Nota media no expediente de estudos de Máster igual ou superior a 8.
- Interese en realizar a tese de doutoramento nalgunha disciplina afín as liñas de investigación desenvolvidas no CITIUS: intelixencia de negocio e na web; robots persoais; computación de altas prestacións e computación na nube; enxeñería de datos; visión artificial; e-saude.

Outros:

- Non estar a gozar nin ter gozado de ningunha axuda predoutoral de entidades públicas ou privadas, nin da percepción de ningunha contía de natureza salarial para o mesmo fin.
- Non estar en posesión dun título de doutor.
- Compromiso de realizar a tese de doutoramento no CITIUS, supeditado á consecución de financiamento para o seu desenvolvemento.



4. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

A presentación das solicitudes farase a través de e-mail á dirección citius.idi@usc.es, indicando no asunto [INICIACION INVESTIGACION]. As solicitudes avaliaranse mensualmente e a convocatoria estará aberta até esgotar o número de prazas dispoñibles.

5. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- Impreso de solicitude, dispoñible para descarga na seguinte [ligazón](#).
- Copia do expediente académico de Grao ou título equivalente na que consten as cualificacións obtidas e a nota media.
- Copia actualizada do expediente académico do Máster ou título equivalente no que figuren as cualificacións e a nota media até a data.
- Currículo Vitae do solicitante e copia da documentación xustificativa dos méritos alegados.
- Compromiso asinado de presentación da súa solicitude co CiTIUS ás convocatorias públicas de axudas predoutorais autonómicas e estatais (modelo dispoñible para descarga na seguinte [ligazón](#)).

6. AVALIACIÓN

A Comisión de Apoio á Dirección do CiTIUS será a encargada de resolver a convocatoria.

Os criterios de avaliación serán os seguintes:

- Expediente académico de Grao e Máster (ata 2 puntos)
- Outros méritos de investigación: artigos, estadias no estranxeiro, premios, participación en proxectos de investigación, etc. (ata 2 puntos)
- Entrevista persoal (ata 1 punto)

7. RESOLUCIÓN

As solicitudes avaliaranse mensualmente ata esgotar o número de prazas dispoñibles. A resolución publicarase na web do CiTIUS.

8. CONTACTO

Para calquera aclaración, poderase contactar co Centro en citius.idi@usc.es ou nos teléfonos 881.816.410 ou 881.816.403.

En Santiago de Compostela, a 5 de febreiro de 2018



Asdo.: Paulo Félix Lamas